

214	AXUDAS AGROAMBIENTAIS.
	<p><i>Pagamentos directos á agricultura e á gandaría e da indemnización compensatoria e axudas previstas no contrato de explotación sustentable.</i></p> <p><i>Orde do 29 de xaneiro de 2009 (DOG 30/01/2009): convocatoria axudas CES</i></p> <p><i>Orde do 19 de xaneiro de 2009 (DOG 27/01/2009): bases reguladoras CES</i></p> <p style="text-align: right;"><i>PRAZO DE SOLICITUDE ata o 30/04/2009</i></p>
	<p>Beneficiarios</p> <p>-Titulares de explotacións agrarias que cumpran os requisitos das bases e se comprometan a cumprir durante un período mínimo de cinco anos os compromisos derivados dunha ou varias medidas agroambientais en toda ou parte da súa explotación.</p> <p>- Os compromisos e requisitos específicos figuran nas distintas subseccións das bases reguladoras.</p>
	<p>Actividades Subvencionables</p> <p>Actividades de produción respetuosas co ambiente e conservación da paisaxe que van mais alá dos criterios da condicionalidade: variedades autóctonas vexetais en risco de erosión, control integrado e produción integrada, agricultura e gandaría ecolóxica, loita contra erosión en medios fráxiles, mantemento de razas autóctonas puras en perigo de extinción ,utilización dos recursos forraxeiros da explotación, apicultura para a mellora da biodiversidade en zonas fráxiles e mellora e conservación do medio físico en zonas de prados e pastos incluídos na rede Natura 2000</p>
	<p>Axuda</p> <p>Importe máximo por explotación, sumadas axudas por benestar animal e agroambientais, é de 8.000€ polas primeira e segunda UTA , e 4.000 € polas terceira e sucesivas cun límite de 24.000€. Exceptúase de dito límite a submedida de mantemento de razas autóctonas en perigo de extinción</p> <p>No caso de cooperativas agrarias ou SAT produto de fusións de explotacións os máximos sinalados serán por explotación ata un máximo de 10 UTA. Para montes veciñais en man común un máximo de 8.000€ por UTA.</p> <p>Así mesmo teranse en conta os importes máximos por SAU e os importes para cada medida e submedida establecidos nas bases reguladoras .</p>
	<p>Unidade xestora</p> <p>SX Explotacións Agrarias</p>